

Aspectos éticos no desenvolvemento do TFG

O TFG é un traballo de iniciación á investigación realizado individualmente por cada estudante, que ten como finalidade acreditar de forma integrada os coñecementos e destrezas adquiridas durante os estudos de grao realizados. Incluirá como mínimo tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción, presentación e defensa. Os traballos deberán estar orientados á aplicación das competencias asociadas á titulación, a capacitar para a procura, xestión, organización e interpretación de datos relevantes, normalmente da area de estudo, para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole científica, e que facilite o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.

A continuación, recóllense aspectos éticos relacionados co desenvolvemento do TFG, que se incluírán no Curso de redacción e presentación oral do TFG (Programa de actividades Química Activa).

1. **Consentimentos informados e protección de datos de carácter persoal.** As persoas e/ou institucións que participan no TFG deberán previamente dar o seu consentimento ou autorización. O Comité de Bioética da USC ofrece diferentes modelos, formularios e documentos de interese que se poden consultar no enlace <http://imaisd.usc.es/seccion.asp?i=es&s=-2-26-229>. No caso de incluír no TFG datos de carácter persoal, debe indicarse como se manterá a confidencialidade da información dos participantes e a custodia dos datos recollidos tendo en conta o establecido na [Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro](#), de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento UE 2016/679.

Aqueles TFG que non se realicen sobre persoas, datos ou información persoal, mostras biolóxicas ou que sexan de revisión bibliográfica non necesitarán dunha valoración dun comité de ética da investigación.

2. **Seres vivos e medio ambiente.** No caso de que o TFG inclúa o uso de seres vivos debe especificarse que se respectarán os criterios éticos de benestar animal e a lexislación vixente en materia de experimentación animal.

En canto ao medio ambiente, debe especificarse que a investigación desenvolvida no TFG será respectuosa coa conservación do medio ambiente.

3. **Datos empresariais.** Considérase secreto empresarial calquera información ou coñecemento, incluído o tecnolóxico, o científico, o industrial, o comercial, o organizativo ou o financeiro que reúna as condicións dispostas pola [Lei 1/2019, de 20 de febrero](#) de secretos empresariais. Ademais, terase en conta o establecido na [Lei 3/1991, de 10 de xaneiro](#), de competencia desleal.

4. **Propiedade intelectual e confidencialidade.** O Regulamento de Matrícula, Elaboración e Defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster da USC, establece no seu artigo 11 o seguinte:

11.1. A propiedade intelectual dos traballos correspóndelle ao/á alumno/a que o realizou.

11.2. No caso de que os traballos se realicen no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade ou, de ser o caso, dun proxecto ou liña de investigación, os dereitos serán os recollidos no dito contrato ou convenio ou os que se pacten previamente, respectando en todo caso a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual ou industrial. Nestes casos e sempre que existan cláusulas de confidencialidade con empresas ou no caso de que poidan dar lugar a dereitos de propiedade industrial e intelectual que non se poidan difundir antes de estaren debidamente protexidos, actuarase do seguinte modo: entregaranse dúas versións da memoria de TFG ou TFM: a reducida, na que se eliminarán os contidos afectados polo deber de non difundir ou polo deber de segredo ou confidencialidade; e o exemplar completo, que se entregará baixo compromiso de confidencialidade. O exemplar reducido será o que se utilice para ser autorizada a súa defensa e deberá coincidir co contido da exposición e defensa pública. A versión completa entregarase aos membros do tribunal para a súa avaliación. O/a titor/a e os membros do tribunal deberán asinar o correspondente compromiso de confidencialidade sobre os contidos que non se poderán difundir publicamente. Se o tribunal desexa formular cuestións sobre os contidos protexidos, estas intervencións faranse nunha sesión privada, con carácter previo ou posterior á pública. O exemplar do traballo non será obxecto de publicación no repositorio institucional da USC (Minerva) ata que sexan realizadas as oportunas proteccións ou venza o prazo de confidencialidade.

11.3. Unha copia en formato electrónico dos traballos superados quedará depositada no centro para o seu arquivo e consulta, e poderá ser utilizada na Universidade de Santiago

de Compostela para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica aos seus autores. Para estes efectos o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo inédito. (...)

5. **Plaxio.** O artigo 270 da [Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal](#) define plaxio como copiar unha obra, reproducir unha allea que xa foi creada, sen a autorización do seu autor e, ademais, dala como propia, facendo crer que quen plaxia é o verdadeiro autor. O artigo 16 da normativa xeral da USC para a avaliación do rendemento académico dos estudantes e a revisión de cualificacións (Consello de Goberno 15-06-2011; DOG 21-07-2011) establece que *“a realización fraudulenta dalgún exercicio ou proba exixida nunha materia implicará a cualificación de suspenso na convocatoria correspondente, con independencia do proceso disciplinario que se poida seguir contra o alumno infractor. Considerarase fraudulenta, entre outros, a realización de traballos plaxiados ou obtidos de fontes accesibles ao público sen reelaboración ou reinterpretación e sen citas aos autores e das fontes”*.

Os titores supervisarán que o TFG cumpra coas normas éticas e profesionais, en todas as facetas relacionadas co desenvolvemento da materia e, de ser o caso, xunto do informe preceptivo achegarán un informe de control de plaxios a través da súa Secretaría Virtual. Así mesmo, os tribunais avaliadores valorarán, mediante unha ferramenta de control de plaxios, a orixinalidade da presentación escrita, no apartado correspondente do seu informe.